

A miña nai estaba feliz de poderme mandar a Altdorf durante catro semanas. Os meus avós estaban felices de me teren con eles un tempo, para variar un pouco. Eu, así así: a cachos feliz e a cachos todo o contrario.

Infeliz, por exemplo, cando botaba en falta a miña casa. Polas noites sobre todo. Daquela, esa inmensa morriña oprimíame o peito e apenas podía respirar. E, non sería un *Toggeli*? Unha especie de bicho que aquí chaman dese xeito e que, sen ser nin espírito nin animal de todo, aproveita



calquera buraco ou fenda, por diminuta que sexa, para se coar nos dormitorios. Dá medo.

No entanto, pasábame enseguida cando ía tempo para tomar un baño ou para encerrarse na casa e cociñar doces ou cando, como caída do ceo, unha atronadora tormenta semellaba rodar montaña abaixo ata cubrir o val. Ou cando o meu avó me contaba a historia de Guillerme Tell e do seu fillo Walter; escoitándoo era feliz.

Altdorf, a pequena cidade onde viven os meus avós, atópase nun extremo do val, unha superficie verde e plana coma un molde para facer pasteis. Ao carón da autoestrada, entre dous diques rectos como unha vía do tren, brincan alegres as augas do Reuss. Detrás da cidade érguese a primeira das montañas que rodean o val; pedregosas e cubertas de bosque, por iso parecen verdes. O avó tamén mas ensinara

no mapa, chámanse Gitschen, Geißberg, Bristen, Schwarzgrat e Wängihorn. Da montaña de Bristen dicíase que as súas raíces secretas eran filóns de ouro puro. Pero diso hai moito, na actualidade de alí extráese cuarzo.

Sobre as pradarias do fondo medran árbores froiteiras. Algunhas delas son enormes e moi vellas. Entre os seus troncos pastan as vacas. Seguen coa ollada os trens que pasan de longo ou ben cara a arriba, en dirección a San Gotardo, ou cara a abaixo, cara ao lago. Outras, así e todo, prefiren quedar deitadas á sombra, mentres sacoden as súas grandes cabezas para espantaren as moscas.

Nunha praza no medio de Altdorf, diante dun gran mural que representa unha paisaxe de montaña, álzase un monumento descomunal: un pedestal alto coma un armario sostén un cazador barbu-

do, vestido cunha camisa típica. Suxeita unha bésta. Apoia a súa outra man sobre o ombreiro dun neno: Guillerme Tell e mais o seu fillo. Ambos os dous quedaron algo xigantes: como pensados para un mundo máis grande.